



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

## **BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA VINTE E OITO DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E UN (12/2021)**

Na Casa do Concello de Monfero, ás catorce horas e vinte minutos do día vinte e oito de abril de dous mil vinte e un, reúnen-se, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, os Sres. Concelleiros: D. Alberto Cortizas Rejo, D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para ese día e hora. Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Baldomero Beceiro Alonso. Non falta ninguén.

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

1. Aprobación da acta da sesión do día 21 de abril de 2021
2. Expediente de contratación da obra definida no proxecto nomeado Modificado proxecto de pavimentación de viais nas parroquias de San Fiz, Val Xestoso, Queixeiro e Vilachá (POS+ Adicional 1/2019-1ª fase). Adxudicación (Código TEdC 2020/C003/000007)
3. Expediente de contratación Servizo de mantemento campo de fútbol do Xestal (Expediente TEdC núm. 2021/C004/000001)
4. Aprobación da relación de facturas 28XOK /2021
5. Aprobación padróns fiscais SAF febreiro 2021
6. Devolución de garantías definitivas

### **1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 21 DE ABRIL DE 2021**

O Sr. Alcalde preguntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, da que se lles enviou unha copia para o seu previo e detido estudo, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde, ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión do día 21-04-2021 se considera aprobada sen ningunha obxección.

### **2. EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DEFINIDA NO PROXECTO NOMEADO MODIFICADO PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN DE VIAIS NAS PARROQUIAS DE SAN FIZ, VAL XESTOSO, QUEIXEIRO E VILACHÁ (POS+ ADICIONAL 1/2019-1ª FASE). ADXUDICACIÓN (CÓDIGO TEDEC 2020/C003/000007)**

O Sr. Alcalde da conta da súa proposta de acordo con respecto a este punto que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico e que se transcribe textualmente deseguido, en termos similares aos que constan nela:

#### **“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

Logo de ver o expediente de contratación da obra nomeada, MODIFICADO PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN DE VIAIS NAS PARROQUIAS DE SAN FIZ, VAL XESTOSO, QUEIXEIRO E VILACHÁ, cun orzamento de 156.656,01€ máis 32.897,76€ de IVE, que suman un total de 189.553,77€, aprobado definitivamente polo Pleno na sesión do 31 de xullo de 2020, financiada pola Deputación Provincial a través da 1ª fase do Plan POS+ Adicional 1/2019, que o contratista que a Mesa de contratación permanente do Concello de Monfero considerou que era o que presentaba a oferta máis vantaxosa que podía ser cumprida e que foi requirido, tras efectuar positivamente as comprobacións do artigo 159.4. f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector, en adiante LCSP, para que cumprira co establecido nas cláusulas 16.1.1 e 16.1.2 do prego e presentara o compromiso a que refire o art. 75.2 la LCSP, xa lle deu cumprimento, constituíu a garantía definitiva e presentou o compromiso e as acreditacións necesarias segundo o informe do Arquitecto contratado para o efecto, D. Antonio López Rodríguez, e o informe de fiscalización favorable da Secretaría-Intervención, propóñolle á Xunta de goberno local a adopción dos seguintes acordos:

1. Declarar válidas e ratificar todas e cada unha das actuacións e dos acordos da Mesa de Contratación permanente do Concello de Monfero que aparecen reflectidos no expediente de contratación tramitado e, en concreto e sen ánimo exhaustivo, os referentes á admisión das ofertas presentadas, de clasificación, por orde decrecente (Anexo), atendendo unicamente ao prezo, das que non foron declaradas desproporcionadas ou anormais conforme ao sinalado no artigo 149 da LCSP, e a proposta respecto destas.
2. Adxudicar o contrato da obra descrita no proxecto técnico nomeado MODIFICADO PROXECTO DE PAVIMENTACIÓN DE VIAIS NAS PARROQUIAS DE SAN FIZ, VAL XESTOSO, QUEIXEIRO E VILACHÁ, pola modalidade de procedemento aberto simplificado (aplicación de fórmulas), á empresa “Construcciones J. Mauri e Hijos, S.L.”, no prezo de 120.797,45€, máis 25.367,46 euros de IVE, que suman un total de 146.164,91€, e de acordo co resto de características da súa oferta que constan no expediente, pola necesidade de dotar á zona das obras que se describen no devandito proxecto e considerar, en harmonía coa proposta da Mesa de contratación permanente do Concello de Monfero, coa mesma motivación, que a súa oferta é a máis vantaxosa que pode ser cumprida.
3. Aprobar o gasto correspondente, dispoñéndoo con cargo á aplicación orzamentaria 2021.453.1923.61100.
4. Nomear Coordinador de Seguridade e Saúde e Director Técnico das Obras a D. Antonio López Rodríguez, Arquitecto.
5. Notificar este acordo a D. Antonio López Rodríguez, ao adxudicatario e ao resto dos licitadores.
6. Publicar esta adxudicación no perfil do contratante desta entidade, aloxado na plataforma de Contratos do Sector Público (PCSP)
7. Requirit ao adxudicatario para a formalización do contrato na data que sinala o Sr. Alcalde, dentro do prazo máximo 15 hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que se reciba a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

notificación da presente adxudicación polo licitador.

8. Unha vez formalizado o contrato, publicar tal feito no perfil do contratante do órgano de contratación (PCSP).
9. Logo de asinar o contrato, o contratista deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde da obra, axustado ao Estudio Básico de Seguridade e Saúde do proxecto, para a súa aprobación pola Alcaldía, tras o informe do Coordinador de Seguridade e Saúde. Con anterioridade ao comezo das obras o contratista presentará na Consellería de Traballo e Benestar, a apertura do centro de traballo e comunicarao ao Concello, e, unha vez efectuado este trámite, procederá a comprobación do reformulo e comezo das obras.
10. As obras someteranse a un control de calidade externo, que levará a cabo unha empresa especializada neste tipo de controis, contratada pola Administración (3C CALIDAD Y CONTROL S.COOP. GALEGA), segundo o previsto na cláusula 29 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que han de rexer esta contratación.

## ANEXO

Orde	Empresa licitadora	Oferta (co IVE)	Puntos Valoración
1	<b>CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, SL</b>	<b>146164,91</b>	<b>113,12</b>
2	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS,SL	147245,37	111,27
3	SONDEOS PORZUNA, SL	147491,79	110,84
4	VIAS E SERVICIOS COMPOSTELA, SL	149690,61	107,08
5	ARIAS INFRAESTRUCTURAS, SA	151304,20	104,32
6	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ SL	159811,96	89,74
7	EXCAVACIONES SANTIÑOS, SL	161290,58	86,98
8	CANARGA, SL	172777,99	51,63
9	FRANCISCO GOMEZ Y CIA, SL	174187,00	47,31
10	COSMALCA, SL	176664,11	39,67
11	JOSE N. MANTIÑAN E HIJOS,SL	188760,00	2,45
<b>EMPRESAS EXCLUÍDAS</b>			
	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA,SL	Non dan cumprimento ao disposto na cláusula 15.4.4 do PCAP.	
	HORDESCON, SL		
	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO,SL		

O Alcalde.“

A Xunta de Goberno local, por delegación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

### 3. EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN SERVIZO DE MANTEMENTO CAMPO DE FÚTBOL DO XESTAL (EXPEDIENTE TEDEC NÚM. 2021/C004/000001)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

O Sr. Alcalde da conta da súa proposta de acordo con respecto a este punto que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico e que se transcribe literalmente deseguido, sinalando que o servizo se está pagando por factura, o que non é moi correcto, e que hai que convocar o concurso:

## “PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver a documentación do expediente de contratación do SERVIZO DE MANTEMENTO CAMPO DE FÚTBOL DO XESTAL (prego de cláusulas administrativas, de prescricións técnicas, informes e demais documentación) e, a vista das características do contrato, e que considerase que o procedemento aberto simplificado é o máis adecuado para efectuar a selección do contratista da forma máis acertada e vantaxosa na procura da mellor relación calidade-prezo, propóñolle á Xunta de goberno local a adopción dos seguintes acordos:

1. Xustificar a necesidade de contratar o SERVIZO DE MANTEMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL DE XESTAL, definido no prego de prescricións técnicas elaborado polo arquitecto contratado para o efecto, D. Antonio López Rodríguez, cun orzamento de 14.998.00€ anuais sen IVE e 17.542,58€ anuais co IVE incluído, motivándoo, na necesidade de realizar o mantemento do campo de fútbol do Xestal e zonas verdes da instalación, para prestar á veciñanza e persoas usuarias un bo servizo.
2. Non dividir en lotes polos seguintes motivos:
  - A división en lotes tería un importante custo económico para o concello e implicaría unha maior dedicación do seu persoal técnico e administrativo, pola necesidade de redactar documentos técnicos independentes para cada lote que servisen de base á licitación coa seguridade xurídica necesaria para definir con exactitude o obxecto do contrato.
  - Incrementaríase o número de expedientes de licitación que o concello tería que realizar, co conseguinte custo de tempo e de recursos persoais e materiais.
3. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer a contratación de dito servizo mediante procedemento aberto simplificado, anexos e prego de prescricións técnicas, adaptándoo á contratación dos servizo por dous anos coa posibilidade de prórroga doutros dous anos máis.
4. Aprobar o expediente de contratación do devandito servizo..
5. Proceder a súa contratación utilizando o procedemento aberto, establecido como de utilización ordinaria, neste caso simplificado por encontrarse dentro dos límites do artigo 159.1 da dita norma, e cun único criterio de adxudicación, de avaliación automática, relacionado cos custos: o prezo máis baixo.



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

6. Dispoñer a apertura do procedemento convocándoo mediante a publicación de anuncio no perfil do contratante do Estado (<https://contrataciondelestado.es>), no que tamén se publicaran íntegros os pregos de cláusulas administrativas particulares, anexos, prego de prescricións técnicas e certificación do presente acordo. O prazo de presentación das ofertas polos licitadores será de 15 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no perfil do contratante.
7. Aprobar o gasto correspondente, autorizando a anualidade correspondente con cargo a aplicación orzamentaria 342.21200 e sometendo as anualidades seguintes á condición suspensiva de existencia de crédito suficiente e axeitado no orzamento do exercicio correspondente.
8. Actuará como mesa de contratación a Mesa de Contratación Permanente do Concello de Monfero nomeada polo Pleno da Corporación mediante o seu acordo do 17 de xullo de 2019 e publicada a súa composición no BOP n.º 138, correspondente ao 23 de xullo de 2019.
9. Facultar expresamente o Sr. Alcalde-Presidente para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O alcalde  
Andrés Feal Varela.“

A Xunta de Goberno local, por delegación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

#### **4. APROBACIÓN DA RELACIÓN DE FACTURAS 28XOK /2021**

O Sr. Secretario-Interventor informa sobre as facturas a aprobar, sobre a proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido e sobre o seu informe de fiscalización favorable que, como a relación de facturas, xustificantes e a proposta, constan asinados dixitalmente no correspondente expediente electrónico:

##### “PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar as facturas incluídas na relación delas n.º 28XOK/2021 e o informe favorable da Intervención municipal que consta asinado dixitalmente no correspondente expediente electrónico, considerando que as prestacións corresponden a servizos derivados de compromisos de gasto debidamente adquiridos e que consta acreditado no expediente que están realizadas e en beneficio e coa conformidade do Concello, que dispón de crédito orzamentario suficiente e axeitado para facerlles fronte, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes aos gastos que contén a relación de facturas que se indica a continuación, aos que se lle presta aprobación, e que a Tesourería Municipal proceda ao seu pagamento aos provedores e a súa contabilización con cargo ás aplicacións orzamentarias que nela se indican:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

RELACIÓN DE FACTURAS NÚMERO	28XOK/2021
Importe total	10.569,56€
Número de facturas e gastos que contén	2
Número do Rexistro Facturas da primeira factura	F/2021/745
Número do Rexistro Facturas da última factura	F2021/750

O Alcalde  
Andrés Feal Varela”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

## 5. APROBACIÓN PADRÓNS FISCAIS SAF FEBREIRO 2021

O Sr. Secretario-Interventor da conta do padrón fiscal que se describe a continuación e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico e que se transcribe literalmente deseguido:

### “PROPOSTA DA ALCALDÍA

Logo de examinar os padróns fiscais do prezo público polo servizo de axuda no fogar que se indican a continuación, que constan asinados dixitalmente no correspondente expediente electrónico, elaborados pola Secretaria-Intervención a partir dos correspondentes informes do Sr. Traballador Social do Concello, que tamén constan asinados dixitalmente no correspondente expediente electrónico, e demais documentación relacionada con estes.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

1.- Aprobar os padróns fiscais de prezo público do Servizo de Axuda no Fogar do mes de febreiro de 2021, dependencia e libre concorrencia, elaborados pola Secretaría-Intervención do Concello, cos importes, usuarios, e demais datos que constan neles e que se reflicten na táboa que aparece a continuación:

INICIAIS 1º USUARIO	INICIAIS ÚLTIMO USUARIO	TOTAL USUARIOS	MODALIDADE SERVIZO	IMPORTE
AIC	AFP	43	DEPENDENCIA	2.074,14€
MAML	MVC	9	LIBRE CONCORRENCIA	51,61€

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

2.- Expoñer ao público os devanditos padróns fiscais, mediante anuncios a publicar no B.O. da Provincia e no taboleiro de anuncios electrónico municipal, por prazo de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no BOP, para que os interesados poidan examinalos no Concello e presentar as reclamacións que consideren convenientes. Con dito anuncio notifícanse colectivamente a todas as persoas contribuíntes incluídas neles, as liquidacións que conteñen, conforme autoriza o artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3.- O prazo de cobro, en período voluntario, será de dous meses, contados desde o día seguinte ao de finalización da exposición pública, e transcorrido este procederá a esixir os xuros de mora e as recargas que procedan segundo os artigos 26 e 28 da nomeada Lei xeral tributaria e, se fora o caso, as costas derivadas do procedemento de prema. Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse entre o 1 e o 2 de xuño ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos/as contribuíntes e, para ditos efectos, remitirase listaxe contendo os datos correspondentes á sucursal deste Concello do Banco ABANCA, que xestionará o seu cobro nas contas bancarias facilitadas polos/as usuarios/as, e tamén comunicará a estes/as a aprobación das liquidacións correspondentes mediante os pertinentes recibos.

4.- Contra este acordo e as liquidacións aprobadas, os/as interesados/as poderán interpoñer preceptivamente recurso de reposición, perante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao de finalización do período de exposición pública dos correspondentes padróns, que se entenderá desestimado se non se resolvera de maneira expresa no prazo dun mes, e, contra o seu rexeitamento, recurso contencioso administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde a notificación da resolución do recuso de reposición, se é expresa, e no prazo de seis meses desde que se produza a desestimación presunta se non o fose

O Alcalde

Andrés Feal Varela”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

### 7. DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS DEFINITIVAS

**6.1.-** O Sr. Secretario-interventor da conta da primeira das propostas de acordo da Alcaldía con respecto a este punto, que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico e que se transcribe deseguido literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver o expediente instruído para a devolución das garantías definitivas, solicitadas por D. AMADEO JOSÉ LÓPEZ CARBALLIDO, en representación de GESTAL Y LÓPEZ, S.L , para responder da execución do contrato das obras que se Indican, e que é favorable o informe emitido

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

o 24 de abril de 2021 por D. Antonio López Rodríguez, Arquitecto contratado para o efecto, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Cancelar e ordenar a devolución das seguintes garantías, constituídas mediante Aval bancario, polos importes que se indican, para responder da execución das obras que se sinalan.

DENOMINACIÓN OBRA	ACTA RECEPCIÓN	IMPORTE GARANTIA
ACONDICIONAMENTO E SINALIZACIÓN DA RUTA VERDE SAN BARTOLOMÉ	29/25/2015	2.169,00
ACONDICIONAMENTO DO CAMIÑO DE VILAXESTOSO A PUNTO LIMPO	29/05/2015	1.302,48

Segundo: Notificar o presente acordo á empresa para o trámite que proceda.

O Alcalde  
Andrés Feal Varela."

A Xunta de Goberno local, por delegación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

**6.2.-** O Sr. Secretario-interventor da conta da segunda das propostas de acordo da Alcaldía con respecto a este punto, que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico e que se transcribe deseguido literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver o expediente instruído para a devolución da garantía definitiva solicitada por D. José Manuel Gómez, en representación da empresa TECNORED, S.A., constituída mediante aval bancario, por importe de 2.095,00€, para responder da execución do contrato da obra contida no proxecto nomeado, MODIFICADO Nº 2 PROXECTO ILUMINACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DO XESTAL – SAN FIZ. CONCELLO DE MONFERO e que é favorable o informe emitido o 24 de abril de 2021 por D. Antonio López Rodríguez, Arquitecto contratado para o efecto, propóñolle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Cancelar a citada garantía e ordenar a súa devolución
2. Notificar o presente acordo á empresa solicitante.

O Alcalde  
Andrés Feal Varela"

A Xunta de Goberno local, por delegación, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)





# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

---

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás catorce horas e trinta e cinco minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certificoo.

O Alcalde

O Secretario